



# **ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA**

**DATA DE ENVIO: 09/03/2018**

**TIPOLOXÍA: VENTO**

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

**NIVEL DE ALERTA: LARANXA**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín núm. 34/71GAL ás 11:34 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **VENTOS** con refachos de ata **120 km/h (S/W, S)** que afectará a **Coruña (Noroeste, Oeste, Suroeste)** e **Pontevedra (Rías Baixas, Interior)**. Comezando **nas primeiras horas do sábado día 10 e prolongándose ata a mañá do día 11**.

Para **as primeiras horas da madrugada do domingo día 11** esta alerta LARANXA amplíase a **Lugo (Mariña), Coruña (Interior) e Pontevedra (Miño)**.

Todas as zonas que non se vexan afectadas por este fenómeno quedarán en **AVISO AMARELO** a partir da **media tarde do día 10 con refachos de ata 90 km/h**.

Ademais, no boletín 104/71GAL, infórmase dun fenómeno adverso **AMARELO** por **CHOIVAS** en **A Coruña (Suroeste)** e todo **Pontevedra**, con precipitacións acumuladas en **12 horas de 40 mm**, dando comezo a **últimas horas da tarde do día 10**. O episodio prolongarase o domingo con acumulacións que poden acadar os 180 litros entre os dous días.

A coincidencia xeográfica deste fenómeno con outros por tormentas e costeiros, pode facer que acontezan anegamentos puntuais en zonas de **Pontevedra e Coruña (Suroeste, Oeste)**.

A tenor de todo o anterior **RECOMÉNDASE**:

- **Evitar as actividades ao exterior.**
- **Evitar** os desprazamentos, en todo caso, antes de coller o coche, consultar o estado das estradas.
- Recordar que co vento o mobiliario urbano puido terse **desprazado** e os restos de árbores e pólas que puideron caer á vía poden **condicionar** a circulación.
- Non **empregar** vehículos lixeiros, como bicicletas ou ciclomotores.
- **Afastarse** de edificios ruinosos, árbores, paneis publicitarios, estradas e obxectos que sexan susceptibles de desprazarse co vento.
- **Retirar** das fiestras, dos balcóns e dos tellados calquera obxecto que poida caer á rúa.
- Lembrar que o efecto de arrastre das chuvias pode provocar o **desprendemento** de terra e pedras.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNICALLES, QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles  
Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

Rev1

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia

